

EXPEDIENTE	2024067190
ASUNTO	Concesión demanial da actividade de explotación da cafetería, restaurante e terraza do Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra.
TRÁMITE	Adxudicación

O deputado delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN.

Resultando.- Por Resolución Presidencial RP2025007913, de data 30/09/2025, se aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da concesión demanial nun espazo no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra para a explotación do servizo de cafetería-restaurante.

Asemade, establecece a apertura dunha exposición pública do proxecto de explotación da concesión, publicado o anuncio no BOPPO nº 193 de data 09/10/2025. Rematado o período de exposición pública (20/11/2025) non se recibiron alegacións tal e como indica o certificado que consta no expediente. (CSV: LNDMYGTCHNAEIUPF)

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01/10/2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación as bases que rexerán a concesión e o prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 06/11/2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- NEAPOLIS FD, S.L. (C.I.F.: B16892184)
- PEPE VIEIRA, S.L.U. (C.I.F.: B36457224)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Museo de Pontevedra para a súa valoración.

Recibido informe do Museo de Pontevedra de data 12/11/2025 (CSV: CZG5WGNXMC0IVHDH), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 20/11/2025, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres "C", correspondente a documentación avaliable mediante criterios



automáticos, das empresas que acadaron o 50% da puntuación máxima asinable na documentación avaliable mediante xuízos de valor (24,50 puntos).

Os valores ofertados polas empresas NEAPOLIS FD, S.L. (B16892184), PEPE VIEIRA, S.L.U. (B36457224) figuran no certificado da Mesa de contratación de data 20/11/2025 co CSV: WQHKKHO35MX89OYB.

De conformidade co establecido no PCAP, calcúlanse ás valoracións dos criterios automáticos ofertados, que xunto coas puntuacións acadadas no sobre B, obteñen as seguintes puntuacións:

EMPRESA	VALORACIÓN TÉCNICA SOBRE B	VALORACIÓN SOBRE C		TOTAL
		INCREMENTO DO CANON MÍNIMO ANUAL (ata un máximo de 26 puntos)	COMPROMISO CALIDADE UNE 167013/Q CALIDAD OU EQUIVALENTE (ata 25 puntos)	
PEPE VIEIRA, S.L.U. B36457224	46	11,90	25	82,90
NEAPOLIS FD, S.L. B16892184	27,5	26	25	78,5

Resultando.- Con data 04/12/2025 a Mesa de Contratación aprobou a clasificación das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación da concesión demanial da actividade de explotación da cafetería, restaurante e terraza do Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra, polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Por Resolución Presidencial RP2025010177 de 15/12/2025 requírese a PEPE VIEIRA, S.L.U. (B36457224) para que no prazo de dez días hábiles desde a notificación presente a documentación esixida. Presenta a documentación por sede electrónica da Deputación de Pontevedra (WEB2026000773) quedando polo tanto, debidamente acreditados os requisitos establecidos nos pregos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 18.699,81 € que foi depositada na Tesoureira da Deputación de Pontevedra como consta na carta de pago I2026000014009 de data 05/01/2026.

Considerando.- A cláusula 22 das bases da concesión, atendido correctamente o requirimento, o órgano competente adxudicará a concesión dentro dos cinco días hábiles seguintes mediante resolución motivada, que se notificará por medios electrónicos aos licitadores e se publicará no Perfil de Contratación no prazo de 15 días naturais.

Considerando- A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de



Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.1a); e da Resolución Presidencial núm. 2025008021, de 3 de outubro de 2025, de delegación de atribucións en Centros e Áreas de servizo desta Deputación, RESOLVO:

Adxudicar a concesión demanial da actividade de explotación da cafetería, restaurante e terraza do Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra, á empresa PEPE VIEIRA, S.L.U (CIF: B36457224), polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

Canon anual:

Importe ofertado, sen IVE	26.000,00 €
IVE (21%)	5.460,00 €
Importe total ofertado, co IVE	31.460,00 €

O adxudicatario deberá executar as obras establecidas nas bases estimadas nun importe de 75.527 euros, sen iva, que se amortizará mediante minoración lineal do canon durante os seis primeiros anos, por unha contía anual de 12.587,83 euros (resultado de dividir 75.527 € entre 6).

En consecuencia, durante os anos 1º ao 6º, o canon esixible será de 13.412,17 € máis o iva por anualidade, resultado do canon ofertado menos a amortización das obras.

A duración da concesión será de SEIS (6) anos, contado desde a posta a disposición do local, que constatarase mediante a sinatura da correspondente acta de entrega, coa entrega de chaves, que realizarse no prazo máximo de 5 días hábiles desde a formalización da concesión

Durante a prórroga, de acordarse, o canon anual será íntegro, sen minoración.

A empresa adxudicataria deberá formalizar a concesión nun documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra no prazo de quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación ás persoas licitadoras.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición



Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

